



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

**LISTA DE ASISTENTES**

D. Miguel Alfonso Pallarés  
D. Luis Alonso Bacigalupe  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Luisa Alonso Escontrela  
D. Heliodoro Álvarez Conde  
D. Miguel Ángel Areán Míguez  
D. Xosé Carlos Arias Moreira  
D<sup>a</sup>. Fátima Árias Nóvoa  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Carmen Arriba Pérez  
D. Eladio Barbeito Lorenzo  
D. Ramón Barreiro García  
D. Gustavo Bergantiño Cid  
D<sup>a</sup>. Silvia Bermúdez Pérez  
D. Juan Blanco Gutiérrez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isabel Bouza Álvarez  
D. Camilo Brandín Feijoo  
D. Jorge Bravo Bernárdez  
D. Enrique J. Buch Gómez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Alicia Cachafeiro López  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D<sup>a</sup>. Yovana Candán Faro  
D. Adrián Candela Iglesias  
D. Manuel Angel Candelas Colodrón  
D. Lino Pedro Canedo de la Torre  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Victoria Carballo-Calero Ramos  
D. Víctor Cardador González  
D. Alfonso Caride Losada  
D. Juan Carlos Carpintero Sánchez  
D. Pablo Javier Cebra Loureda  
D. Xosé Manuel Cid Fernández  
D. José Cidrás Pidre  
D<sup>a</sup>. Cristina Comesaña Cabaleiro  
D. Eusebio Corbacho Rosas  
D<sup>a</sup>. Patricia Corbacho Suso  
D. Xosé Henrique Costas González  
D. Miguel Ángel Crestelo Blanco  
D. Pedro Cuesta Morales  
D. Jesús De Andrés Iglesias  
D. Jose M<sup>a</sup>. Da Rocha Álvarez  
D. Guillermo De Oca Cancela  
D<sup>a</sup>. Julia M<sup>a</sup>. D. de la Montaña Miguélez  
D<sup>a</sup>. Encarnación De Miguel Villegas  
D. Javier de Vicente Remesal  
D. Manuel Deaño Deaño  
D<sup>a</sup>. Coral Del Río Otero  
D. Jaime Díaz de Bustamante  
D. María Diéguez Gómez  
D. Domingo Docampo Amoedo  
D. José Durany Castrillo  
D. Luis Espada Recarey  
D. Miguel Ángel Esparza Torres  
D<sup>a</sup>. Margarita Estévez Toranzo  
D. Antón Fernández Álvarez  
D. Ramón Ángel Fernández Sobrino  
D. Manuel Fernández Cruz

D. Manuel Fernández Gesto  
D. Celso Fernández Silva  
D. Alberto Fernández Viñas  
D. Manuel J. Fernández Iglesias  
D<sup>a</sup>. Generosa Fernández Manín  
D<sup>a</sup>. María Fernández Silva  
D. Emilio Manuel Fernández Suárez

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, que tivo lugar o día vinte de decembro de dous mil, ás 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10.00 en segunda, no Salón de Actos da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O xoves, **día 20 de decembro de 2000**, ás 10:00 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (06-07-2000; 12-07-2000)
- 2.- Informe do Rector.
- 3.- Aprobación, se procede, do proxecto de orzamento de 2001.
- 4.- Aprobación, se procede, dos seguintes planos de estudo: Licenciado en Economía, Licenciado en Administración e Dirección de Empresas, Enxeñeiro Industrial e Licenciado en Química.
- 5.- Aprobación, se procede, dos seguintes cursos de postgrado: I Master en Xestión, Administración e Dereito Sanitario ( Xunta de Goberno 20-07-2000 ) , I Master en Intervención Psicoeducativa de Menores en Desamparo/Conflicto Social (Xunta de Goberno 09-11-2000), I Master en Xestión de Empresas de Automoción (Xunta de Goberno 11-12-2000 ) , , I Curso de Especialista en Intervención Psicoeducativa de Menores en Desamparo/Conflictos Social (Xunta de Goberno 09-11-2000), I Curso Especialista en Mediación Familiar (Xunta de Goberno 09-11-

2000)

6.- Aprobación, se procede, do regulamento de réxime interno do Departamento de Enxeñería de Sistemas e Automática e do Departamento de Informática ( Xunta de Goberno 09-11-2000)

D. José Antonio Fraiz Brea  
 D. Xosé Friol Piñeiro  
 D<sup>a</sup>. Ana Gago Martínez  
 D. Pedro Pablo Gallego Veigas  
 D. Juan Francisco Gálvez Gálvez  
 D<sup>a</sup>. Secundina García Conde  
 D. Antón García Fernández  
 D. José Manuel García Vázquez  
 D. Guillermo García Lomba  
 D. Rubén Garrido Bernárdez  
 D. Carlos Garrido Suárez  
 D<sup>a</sup>. Ana Garriga Domínguez  
 D. José M<sup>a</sup> Gil Villanueva  
 D. Eduardo Godoy Malvar  
 D<sup>a</sup>. Alma M<sup>a</sup>. Gómez Rodríguez  
 D. J. Santiago Gómez Fraiz  
 D. José Luis González Cespón  
 D. Luis Gude Troitiño  
 D. Alezandre Ínsua Moreira  
 D. Alfonso Lago Ferreiro  
 D. Francisco Abelardo Lamilla Curros  
 D. Ángel Latas Parada  
 D. José Luis Legido Soto  
 D. Xoán Leiceaga Baltar  
 D. José Lillo Beviá  
 D. Martín Llamas Nistal  
 D<sup>a</sup>. Mirian López Fernández  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar López Vidal  
 D. Abel López Conde  
 D. Álvaro Xosé López Mira  
 D. Luis López Pérez  
 D. Federico Mallo Ferrer  
 D. Gonzalo Marino González  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Belén Martín Lucas  
 D. Oscar Martínez Rodríguez  
 D. Carlos Martínez-Peñalver Freire  
 D<sup>a</sup>. Patricia Silvia Mascuñán Tolón  
 D. Salustiano Mato de la Iglesia  
 D. Andrés Mazaira Castro  
 D. Pedro Membiela Iglesia  
 D. Gonzalo Méndez Martínez  
 D. Ana Belén Méndez Fernández  
 D. Pedro Merino Gómez  
 D. Carlos Mollinedo Lois  
 D<sup>a</sup>. Ascensión Muñoz del Barrio  
 D. Santiago Murillo Zapatero  
 D. Miguel Ángel Nombela Castaño  
 D. Xosé Luis Outes Ruso  
 D<sup>a</sup>. Ana Isabel Paz Villar  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Consuelo Pazo Martínez  
 D. José Peleteiro Salgado  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Flor Pérez Paz  
 D. Javier Pérez Guerra

D. Luis Pérez Gómez  
 D. Elías Pérez Carrera  
 D. Manuel Pérez Donsión  
 D. Candido Pérez Betanzos  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Teresa Pombo Fernández  
 D. Albino Prada Blanco  
 D. José Carlos Prado Prado  
 D. Félix Quintero Martínez  
 D<sup>a</sup>. Asunción Ramos Stolle  
 D. Manuel Angel Rey Fraile  
 D. Filemón Rivas Conde  
 D<sup>a</sup>. Noa Rodríguez Cariño  
 D. Luis Alfonso Rodríguez López  
 D. Raul Fernando Rodríguez Rubio  
 D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal  
 D. José Ramón Rodríguez Besné  
 D. Gustavo Rodríguez Fuente

7.- Ratificación, se procede, da proposta de nomeamento como Doutor Honoris Causa de D. Julio Fernández Gayoso ( Xunta de Goberno 09-11-2000)

8.- Elección para cubrir as seguintes vacantes en Xunta de Goberno:

- Sector Decanos/Directores de Centro

(1 vacante)

- Sector PDI (1vacante)

9.- Elección para cubrir 1 vacante no Tribunal de Garantías no sector PDI.

10.- Elección para cubrir as seguintes vacantes en Comisións do Claustro:

- Comisión Académica: sector estudantes (5 vacantes)

- Comisión de Planificación: sector estudantes (4 vacantes)

11.- Rogos e Preguntas.

**Punto 1.** Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (06-07-2000; 12-07-2000).

Acéptase a alegación do profesor Lago Ferreiro, que se recolle na redacción definitiva.

Apróbase a acta por asentimento.

**Punto 2.** Informe do Rector.

O Rector informa:

- da sinatura en Madrid do acordo de deficit cero e do libramento dos fondos para facer fronte ós compromisos adquiridos.

- do sorteo da letra para as intervencións: letra I.

- das emendas ó orzamento que están a disposición dos claustrais.

- dos seguintes acordos da Mesa do Claustro:

D<sup>a</sup>. Margarita Rodríguez Holguín  
 D. Carlos Román Lago  
 D. Antonio Rotea Villanueva  
 D. José Ramón Rúa Rodríguez  
 D. José Óscar Rubiños López  
 D<sup>a</sup>. Veljka Ruzicka Kenfel  
 D. José Luis Sáez Ocejo  
 D<sup>a</sup>. Elena Sánchez Trigo  
 D. Rafael Sanz Domínguez  
 D. Anselmo Seoane-Pampín Montenegro  
 D<sup>a</sup>. Evangelina Sierra Bernardino  
 D. Iago Soto Mata  
 D<sup>a</sup>. Mercedes Suárez Pazos  
 D. Juan Carlos Surís Regueiro  
 D. José Tojo Suárez  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Concepción Tojo Suárez  
 D<sup>a</sup>. Dolores Troncoso Durán  
 D. Antonio Vaamonde Liste  
 D. Fernando Antonio Vázquez Nuñez  
 D. Manuel Antonio Vázquez Alfaya  
 D. José Ángel Vázquez Barquero  
 D. Camilo Vázquez García  
 D. Manuel Velasco Graña

a) interpretación do termo "alusión", na mesma liña que ó que se entende por "alusión persoal" cos criterios doutros órganos colexiados. Nas alusións non se debe entrar no fondo do debate.

b) de acordo co establecido nos Estatutos e no Regulamento do Claustro, é función do Claustro referendar o orzamento que lle envía a Xunta de Goberno, despois de que o propio Claustro elabora as liñas xerais de actuación e de elaboración do mesmo. Dado que estes anos, o Claustro non elaborou previamente as liñas xerais tamén se debatirán este ano as emendas presentadas. No sucesivo, o Claustro aprobará as liñas xerais de actuación para que a Xunta de Goberno elabore o orzamento que será sometido finalmente o referendo do Claustro.

c) do desenvolvemento do Claustro que será interrompido ás 12:30 ( co motivo do acto académico ás 13 horas de entrega da medalla de ouro da Universidade á Xunta de Galicia e á Universidade de Santiago) e reanudado ás 16 horas.

d) das candidaturas presentadas para as eleccións dos puntos 8, 9 e 10 da orde do día.

**Punto 3.** Aprobación, se procede, do proxecto de orzamento de 2001.

O Rector presenta o orzamento do ano 2001, para facer un resumo do proxecto que se presenta e que foi aprobado pola Xunta de Goberno.

O orzamento se realiza de acordo cos orzamentos da Xunta de Galicia, nos que se establece o financiamento das Universidades. Este ano se financia o 75% dos alumnos que ten a Universidade; o resto dos fondos ten que ser conseguido pola propia Universidade ( taxas e fondos externos). A subvención incondicionada da Xunta ( 9500 millóns de pesetas aproximadamente) non chega para cubrir os gastos por operacións correntes ( entorno a 11.500 millóns de pesetas ). Incorpóranse 1787 millóns de pesetas de remanente, dos que 1378 corresponden a remanentes específicos non adxudicados.

O aumento do gasto con respecto o ano anterior ( 6,39%) débese fundamentalmente ó incremento da partida de persoal ( 5,58%) por aplicación das normas de elaboración do POD, da RPT e de procesos de promoción.

O Rector indica que non se debería entrar nunha comparación numérica entre orzamentos de anos diferentes. Habería que entrar nun debate xeral das liñas xerais de actuación que quedan reflectidas no orzamento.

Ábrese un turno de intervencións.

O Sr. Insua Moreira di que a Universidade ten que estar adicada ós estudantes. Comparte algunhas das manifestacións do Rector. Aproba a proposta do orzamento porque potencia o capítulo de bolsas. En xeral, considera razoable o orzamento, tendo en conta os recursos existentes. Finaliza dicindo que considera que é contradictorio entregar a medalla de ouro da Universidade á Xunta de Galicia.

O profesor Lago Ferreiro critica o orzamento; di que a redución nas partidas de investigación é notable e que o incremento do número de profesores invitados é excesivo. Defende as emendas nº 1 e nº 2 das presentadas polo grupo Renovación Universitaria.( anexo I)

O profesor Mallo Ferrer critica que a partida de investigación é menor que o ano anterior ( que xa fora diminuída con respecto ó ano 1999). Defende a emenda nº 2 presentada pola PCUVI ( incrementar a partida de Departamentos en 50 millóns) . ( Anexo II).

O Sr. Marino González presenta 4 emendas: aumento das partidas de equipamento docente en laboratorios e de fondos bibliográficos, mantemento da dotación para prácticas de campo e creación dunha partida para bolsas o contratos posdoutorais ( anexo III).

O profesor Mazaira Castro di que a todos nos gustaría que aumentasen todos os capítulos. Di que o aumento no capítulo I tamén redundará na mellora da docencia e da investigación. Houbo que facer o esforzo nos capítulos IV e VI. Refiríndose ó Campus de Ourense considera un acierto que se

contemple a Biblioteca Central e o Pavillón Polideportivo. Indica que debe corrixirse un erro na páxina 57 debendo figurar concepto 221.01 en lugar do 221.02 ( anexo IV )

O profesor Outes Ruso di que unha vez mais, con este orzamentos baixa a calidade da docencia e a investigación. Pregúntalle ó Rector porque non dissolve Cidade Universitaria S.A. Di que se contemplan remanentes que fan que o orzamento non sexa real. Opina que as partidas de biblioteca e laboratorios docentes son baixas. Di que habería que planificar en base ás propostas da Comisión de Planificación do Claustro.

O profesor Peleteiro Salgado defende a emenda 1 da PCUVI ( anexo II ), na que se propón a creación da partida "outros gastos sociais do PDI" dotada con 60 millóns de pesetas. Pide ó equipo rectoral que haxa un seguro que cubra os posibles accidentes por desprazamentos dos membros da comunidade universitaria entre os Campus.

O profesor Pérez Donsión considera moi grave a redución da partida de equipamento docente. Defende a emenda nº5 da PCUVI: incremento da partida de reparación e conservación ( anexo II).

O profesor Pose Blanco di que a política do equipo rectoral é improvisada, irresponsable e incompetente. Desaproba a sinatura do plano de financiamento e di que non hai captación de recursos externos. Opina que a Cidade Universitaria é un sistema de endeudamento indirecto. Critica o aumento do capítulo I xa que implica unha redución das inversións.

O profesor Rey Fraile di que con este orzamento se restrinxen a actividade docente e investigadora e que falta captación de recursos externos. Defende a emenda nº 7 da PCUVI: incremento das partidas de reunións científicas e conferencias ( anexo II).

O profesor Rodríguez Berrocal discrepa do Rector na opinión de que os presupostos están hipotecados pola subvención da Xunta. Di que falta captación de recursos externos e que a política de profesorado é nefasta. Defende a emenda nº 9 da PCUVI: incremento da partida de contratados docentes ( anexo II).

O profesor Tojo Suárez comenta a evolución do orzamento da Universidade dende a orixe ata a actualidade. Di que é un fracaso a captación de recursos externos, que se inflan os ingresos con artificios contables e que os ingresos reais son menores que no ano 1999. As partidas claramente prexudicadas son a docencia e a investigación. Di que debería renunciarse a trasladar o Rectorado ó Campus e pregunta ó Rector cando se vai levar a cabo o acordo do Claustro sobre Cidade Universitaria. Defende a emenda nº 4 da PCUVI: incrementar a partida de infraestrutura centralizada de investigación ( anexo II)

A profesora Troncoso Durán non comparte a proposta de eliminación da partida " edificios de uso administrativo" que suporía ubicar no Campus o edificio do Rectorado. Apoia que o Rectorado esté en Lagoas-Marcosende en coherencia cos Estatutos, co programa electoral deste equipo de goberno e por conveniencia dunha maior aproximación da administración á comunidade

universitaria.

O profesor Buch Gómez mostra o seu desacordo co traslado, á data de hoxe, do Rectorado ó Campus. Está en contra da redución da partida de conservación e reparación.

O profesor Candelas Colodrón opina que a inversión de Cidade Universitaria impide a captación de recursos doutras institucións. Pregunta se vai haber unha partida para institutos de idiomas e se e ten pensado na posta en marcha do cuarto ciclo. Apoia o incremento da partida de fondos bibliográficos e publicacións e di que hai que aumentar a partida de bolsas ó exterior.

A Sra. Comesaña Cabaleiro di que este ano se aumenta a partida de transporte pero que non debería aumentarse se non redunda na mellora do servizo que segue a ser deficiente e non cumpre as expectativas iniciais. Di que habería que suprimir o servizo de lanzadeiras, volver ó presuposto inicial e destinar esa cantidade a revistas, bibliotecas, etc. ( anexo V ).

O Sr. Corbacho Rosas defende as oito enmendas presentadas por Renovación Universitaria no anexo I. Está en contra entre outras cousas, do aumento do número de invitados e da diminución dos recursos para laboratorios. Di que estes presupostos non son o resultado dunha política consensuada e anuncia o seu voto en contra.

A Sra. Corbacho Suso defende o aumento da partida de bolsas de intercambio de alumnos (emenda nº 3 do anexo I).

O profesor Costas González está de acordo coa conveniencia de aumentar partidas como Departamentos, laboratorios docentes, bolsas, etc, pero non coa filosofía de detraelo da partida "edificios de uso administrativo". Opina que o Rectorado debe estar no Campus de Lagoas-Marcosende.

A profesora de Miguel Villegas está en desacordo coa distribución xeral do orzamento. Defende a emenda nº 8 da PCUVI: incrementar a partida de equipamento docente de laboratorios que debería conseguirse reducindo a partida de invitados ( anexo II).

O profesor Fernández Suárez defende a emenda nº 6 da PCUVI; creación dunha partida de bolsas ou contratos postdoutorais ( anexo II ).

O profesor Gallego Veigas defende a emenda nº 3 da PCUVI; incrementar a partida de fondos bibliográficos ( anexo II).

Rematadas as intervencións intervén o Rector. Agradece todas as intervencións. Di que o orzamento é un delicado equilibrio entre moitas partidas.

Está en desacordo con que non hai captación de recursos externos; aclara que hai recursos externos que chegan á Universidade, aínda que non se contabilicen no orzamento. Di que este é un orzamento volcado na docencia, na investigación e nos estudantes; os propios recursos adicados a incrementar o número de profesores e de PAS redunda na mellora da docencia e da investigación. O

mesmo ocorre cos investimentos que se están a levar a cabo nos tres Campus.

Di que na negociación do programa de financiamento da Xunta de Galicia, a Universidade de Vigo fixo un bo papel e manifestou unha sensata oposición.

A posible eliminación da partida "edificios de uso administrativo" sería só un arreglo cosmético ¿ que teríamos que eliminar o ano seguinte ?.

No referente ó transporte agradecería que se realmente non se mellorou, se dixera para poder corrixilo no futuro ou ben disminuir esa partida.

Finaliza dicindo que con este orzamento poderase levar a cabo o prometido no programa electoral.

Os Vicerrectores de Planificación e de Investigación interveñen para aclarar cuestións suscitadas nas intervencións.

Nun segundo turno intervén o Sr. Insúa Moreira para dicir que non comparte a proposta de redución da partida de transporte así como os profesores Pérez Donsión, Tojo Suárez, Fernández Suárez e a Sra. Comesaña Cabaleiro para insistir nos argumentos xa expostos.

A continuación se pasa votar as emendas presentadas.

Por acordo co equipo rectoral e a xerencia, acórdase destinar 20 millóns de pesetas a "gastos sociais do PDI" que se detraen da seguridade social. Retírase a emenda nº I da PCUVI.

Emendas presentadas polo Sr. Gonzalo Marino ( Rexistro entrada nº 5722 ):

nº 1- Retírase en favor da nº 8 da PCUVI

nº 2- Sométese a votación:

a favor do texto	69 votos
a favor da emenda	43 votos
en branco	2 votos

queda rexeitada a emenda.

nº3- Súmase a esta emenda as nº 6 e 7 de Renovación Universitaria e a nº3 da PCUVI. Sométese a votación:

a favor do texto	71 votos
a favor da emenda	42 votos

en branco 1 voto

queda rexeitada a emenda.

nº4-Retírase en favor da nº 2 de Renovación Universitaria.

Emendas presentadas por Renovación Universitaria ( Rexistro Entrada nº5730 )

nº 1- Súmase a esta a nº 2 da PCUVI. Sométese a votación:

a favor do texto	71 votos
a favor da emenda	45 votos
en branco	1 voto

queda rexeitada a emenda.

nº 2- Súmase a esta a nº 6 da PCUVI. Sométese a votación:

a favor do texto	70 votos
a favor da emenda	45 votos
en branco	2 votos

queda rexeitada a emenda.

nº3 - Súmase a esta a nº 3 da PCUVI. Sométese a votación:

a favor do texto	70 votos
a favor da emenda	45 votos
en branco	2 votos

queda rexeitada a emenda.

nº4 - Súmase a esta a nº 5 da PCUVI.

a favor do texto	70 votos
a favor da emenda	42 votos
en branco	1 votos

queda rexeitada a emenda.

nº5- Retírase en favor da nº 8 da PCUVI.



nº 6, nº 7- Xa votadas ( por transacción )

nº8- Sométese a votación:

a favor do texto	73 votos
a favor da emenda	42 votos
en branco	1 voto

queda rexeitada a emenda.

Emenda presentada pola Sra. Comesaña Cabaleiro ( Rexistro entrada nº 5725 )

Sométese a votación:

A favor do texto	72 votos
A favor da emenda	30 votos
En branco	6 votos

queda rexeitada a emenda.

Emendas presentadas pola PCUVI ( Rexistro entrada nº 5731 )

nº1,2,3- Xa votadas ( por transacción )

nº 4- Sométese a votación:

a favor do texto	70 votos
a favor da emenda	41 votos
en branco	3 votos

queda rexeitada a emenda.

nº 5, 6- Xa votadas ( por transacción )

nº 7- Sométese a votación:

a favor do texto	72 votos
a favor da emenda	43 votos
en branco	1 voto

queda rexeitada a emenda.

nº 8- Sométese a votación:

a favor do texto	69 votos
a favor da emenda	47 votos
en branco	0 votos

queda rexeitada a emenda.

nº 9- Sométese a votación:

a favor do texto	69 votos
a favor da emenda	44 votos
en branco	2 votos

queda rexeitada a emenda.

Por último vótase en conxunto o proxecto de orzamento:

a favor	71 votos
en contra	41 votos
en branco	4 votos

Queda aprobado o proxecto de orzamento do ano 2001, para a súa remisión ó Consello Social (anexo III ).

**Punto 4.** Aprobación, se procede, dos seguintes planos de estudio: Licenciado en Economía, Licenciado en Administración e Dirección de Empresas , Enxeñeiro Industrial e Licenciado en Química.

Antes de proceder á votación, o profesor Díaz de Bustamante pregunta se os planos de estudio cumpren a normativa vixente na Universidade de Vigo. O Rector di que si e que as posibles excepcións son valoradas pola Xunta de Goberno.

Plano de estudos de Licenciado en Economía.

a favor	59 votos
en contra	5 votos
abstencións	12

Apróbase.

Plano de estudos de Licenciado en Administración e Dirección de Empresas.

a favor	58 votos
en contra	4 votos
abstencións	14

Apróbase.

Plano de estudos de Enxeñeiro Industrial

a favor 63 votos  
 en contra 8 votos  
 abstencións 9

Apróbase.

Plano de estudos de Licenciado en Química.

Apróbase por asentimento.

**Punto 5 .** Aprobación, se procede, dos seguintes cursos de postgrado: I Master en Xestión, Administración e Dereito Sanitario ( Xunta de Goberno 20-07-2000 ) , I Master en Intervención Psicoeducativa de Menores en Desamparo/Conflicto Social (Xunta de Goberno 09-11-2000), I Master en Xestión de Empresas de Automoción (Xunta de Goberno 11-12-2000) , , I Curso de Especialista en Intervención Psicoeducativa de Menores en Desamparo/Conflictos Social (Xunta de Goberno 09-11-2000), I Curso Especialista en Mediación Familiar (Xunta de Goberno 09-11-2000)

A favor 38 votos  
 En contra 5 votos  
 En branco 9 votos  
 Nulo 1 voto

Apróbanse.

**Punto 6.** Aprobación, se procede, do regulamento de réxime interno do Departamento de Enxeñería de Sistemas e Automática e do Departamento de Informática ( Xunta de Goberno de 09-11-2000).

Apróbase por asentimento.

**Punto 7.** Ratificación, se procede, da proposta de nomeamento como Doutor Honoris Causa de D. Julio Fernández Gayoso ( Xunta de Goberno 09-11-2000)

O profesor Buch pide que a votación sexa secreta. Nese momento da sesión contabilízase o quorum. Non habendo quorum, non procede realizar a votación e se levanta a sesión.

Nos **puntos 8, 9, 10** non houbo eleccións ( por non haber máis candidatos que postos a cubrir) e pasan a cubrir as correspondentes vacantes as seguintes persoas:

- Xunta de Goberno:
  - Sector Decanos/Directores de Centro- - D.José Manuel García Vázquez
  - Sector PDI- D. Rafael Sanz Domínguez

- Comisións do Claustro -

-Académica (sector estudantes):

- D.Miguel Ángel Areán Míguez
- D.Juan Carlos Carpintero Sánchez

Quedan 3 vacantes.

- Planificación (sector estudantes) :

- D.Miguel Ángel Areán Míguez
- D.Iago Soto Mata
- D.Juan Carlos Carpintero Sánchez
- D.Gonzalo Marino González

Queda vacante o posto no Tribunal de Garantías ( sector PDI ), xa que non se presentaron candidatos.

Levántase a sesión ás 20 horas do día 20 de decembro de 2000, da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co vº e pr. do Rector.

O Rector,

A Secretaria Xeral,

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo